

DINÁMICAS DE COHESIÓN A CEGUEIRA



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Crear un ambiente de relación distendido para a aprendizaxe.
- ★ Favorecer relacións baseadas na confianza.
- ★ Aumentar a cohesión do grupo.
- ★ Ofrecer a oportunidade de experimentar o efecto da práctica sobre o resultado.
- ★ Favorecer unha experiencia para coñecerse mellor de forma individual.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ Formamos parellas, seguindo calquera das dinámicas aleatorias para a creación de grupos. Una persoa da parella tapárase os ollos, mentres que a outra será a encargada de guiarlle (despois intercámbianse os papeis).
- ★ A dinámica consiste en que a persoa “cega” debe confiar na súa “lazarilla” que, á súa vez, debe poñerse no seu lugar e darlle as indicacións necesarias para que non tropee cos obxectos, coas paredes ou con outras parellas.
- ★ Unha vez pasan 2-3 minutos, invístense os papeis.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Preguntas para a primeira vez que facemos a dinámica:

- ★ Como vos sentistes tendo cegueira? E tendo que guiar a unha persoa cega?
- ★ Para quen confiou nas súas parellas: Que fixo a vosa parella para que sentirades seguridade?
- ★ Para quen non confiaron nas súas parellas: Que necesitariades para confiar na vosa parella?
- ★ Creedes que, se tivésedes a oportunidade de repetir a dinámica fariádelo mellor?
- ★ ...

Preguntas para veces sucesivas:

- ★ Como vos sentistes esta vez?
- ★ Soubestes guiar mellor as vosas parellas? Quede novo fixestes para facelo mellor?
- ★ Tropezastes máis ou menos que a primeira vez?
- ★ Pásavos algo parecido cando aprendedes facer calquera outra cousa?
- ★ Que creedes que deberiades facer cando algo non vos sae ben á primeira?

MATERIAIS

- ★ Panos ou antefaces para tapar os ollos.